

ELECCIÓN

CONSELLO ESCOLAR

Información para as familias

Ao longo do mes de novembro, o noso centro educativo debe desenvolver o proceso de ELECCIÓN DE NOVOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR.

Segundo a *Orde do 21 outubro de 1996*, o alumnado ten que ter dous representantes (por ser un centro de oito unidades) e as familias teñen que ter tres.

Como o curso pasado se escolleu unha representante do alumnado, que ten un mandato por catro anos, nesta convocatoria, haberá que elixir a outro.

Por parte das familias haberá que elixir a dous representantes máis pois desde o curso pasado hai xa un representante electo das nais e pais.

O proceso está organizado pola Xunta Electoral que se constituíu, seguindo a normativa vixente, o 3 de novembro.

Os/as interesados/as en formar parte do Consello Escolar poderán presentar a súa candidatura desde as 9:30 do 11 de novembro ata as 14:00 horas do 18 de novembro. Deberán cumprimentar un formulario en administración.

Resoltas as posibles reclamacións, proclamaranse as candidaturas as 12:00 horas do día 23 de novembro.

O día 15 de novembro ás 10:10 horas farase o sorteo de mesas electorais.

O día 28 de novembro, a partires das 10:30 realizarase a elección de representantes do alumnado. Os alumnos deberán identificarse co seu carné escolar.

As membros das familias debidamente acreditados votarán ese mesmo día 28 de novembro de 16:30 a 19:00 horas na urna que se colocará no vestíbulo do instituto.

Nos taboleiros de anuncios e na páxina web do centro irá aparecendo toda a información relacionada co proceso

Culleredo, 10 de novembro de 2016

A directora

Alicia Menéndez Villalva

